

20001 *ORDE SCO/3517/2006, do 13 de novembro, pola que se modifica a Orde do 2 de agosto de 1991, pola que se aproban as normas microbiolóxicas, os límites de contido en metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura.* («BOE» 275, do 17-11-2006.)

Os límites de metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados nos produtos da pesca e da acuicultura foron aprobados mediante a Orde do 2 de agosto de 1991, pola que se aproban as normas microbiolóxicas, os límites de contido en metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura.

O Regulamento (CE) n.º 466/2001 da Comisión, do 8 de marzo de 2001, polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios, establece límites máximos de chumbo e cadmio en peixes, moluscos bivalvos e cefalópodos, e crustáceos; así como límites de mercurio en todos os produtos da pesca. É dicir, este regulamento fixa límites máximos de chumbo e cadmio para todos os produtos da pesca, excepto os moluscos gasterópodos, e límites máximos de mercurio para todos os produtos da pesca, incluídos os moluscos gasterópodos.

Os límites máximos de chumbo e cadmio en moluscos gasterópodos establecidos na Orde do 2 de agosto de 1991 débense revisar para adecualos aos progresos científicos en materia de métodos de análises de metais e para harmonizalos co resto de Estados membros. Para tal efecto, a Comisión Europea está estudando a oportunidade de establecer límites máximos de chumbo e cadmio en moluscos gasterópodos. Por iso non parece apropiado manter en vigor os límites máximos deses metais en moluscos gasterópodos fixados na Orde do 2 de agosto de 1991, cando a Comisión Europea fixará proximamente límites máximos de chumbo e cadmio nos produtos mencionados.

Por outra banda, o Regulamento (CE) n.º 242/2004 da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001 polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos, fixa límites máximos de estaño en alimentos e bebidas enlatadas.

En relación cos métodos de análises de chumbo, cadmio e mercurio en produtos pesqueiros, o Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio, mercurio e 3-monocloropropano-1,2-diol nos produtos alimenticios recolle, entre outros, os criterios que deben cumprir os métodos de análises de chumbo, cadmio e mercurio nos produtos da pesca. Así mesmo, o Real decreto 61/2005, do 21 de xaneiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados, establece igualmente os criterios que deben cumprir os métodos de análises para o control oficial do contido de estaño nos alimentos enlatados, incluídos os produtos da pesca.

Por último, polo que respecta á presenza de cobre nos produtos da pesca, os progresos científicos aconsellan a revisión dos límites establecidos para o cobre nos produtos da pesca. Este elemento é un micronutriente esencial na dieta e a súa carencia ou deficiencia pode producir determinadas enfermidades nas persoas. Ademais, a avaliación de riscos do cobre demostrou que as cantidades reais de cobre ingeridas cos alimentos non supoñen un risco para a saúde dos consumidores españois, dado que a estimación da inxesta media de cobre calculada procedente de todas as fontes alimenticias non supera o cinco por cento da IDTMP (Inxesta Diaria Tolerable Máxima Pro-

visional) fixada polo Comité de Expertos Conxunto FAO/OMS sobre Aditivos Alimentarios (JECFA).

Polo tanto, resulta conveniente a derogación dos límites máximos de metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura establecidos na Orde do 2 de agosto de 1991.

Na tramitación desta disposición foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde foi sometida ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde do 2 de agosto de 1991 pola que se aproban as normas microbiolóxicas, os límites de contido en metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura.

Quedan derogados os artigos 2.º e 4.º, e o anexo I da Orde do 2 de agosto de 1991 pola que se aproban as normas microbiolóxicas, os límites de contido en metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid 13 de novembro de 2006.—A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20113 *REAL DECRETO 1331/2006, do 17 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos avogados que prestan servizos en despachos de avogados, individuais ou colectivos.* («BOE» 276, do 18-11-2006.)

A disposición adicional primeira, punto 1, da Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, reconece o carácter especial da relación laboral dos avogados que prestan servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección do titular dun despacho, individual ou colectivo, e habilita o Goberno para que regule a dita relación laboral especial.

Facendo uso da dita habilitación, a través deste real decreto procédese a regular a indicada relación laboral de carácter especial.

A regulación dunha relación laboral de carácter especial implica que para unha relación de traballo en que concorren as notas definatorias das relacións de traballo por conta allea –voluntariedade, alleidade, retribución e inclusión no ámbito de organización e dirección doutra persoa que fai seus os froitos do traballo– se estableza unha regulación específica e diferenciada da regulación da relación laboral común que se recolle no Estatuto dos traballadores e nas súas normas de desenvolvemento, en razón a que naquela se dan determinadas peculiaridades ou especialidades que se concilian ou avenen mal coa regulación que da relación laboral común se contén na indicada norma estatutaria.

Neste sentido, no caso da relación laboral que se establece entre os avogados e os despachos de avogados pódense identificar como peculiaridades ou especialidades que xustifican unha regulación específica, distinta á prevista para a relación laboral común, as seguintes:

a) O ámbito en que se desenvolve a relación laboral, os despachos de avogados, en que aparece unha relación triangular, titular do despacho, cliente e avogado que, sen dúbida, condiciona o desenvolvemento da relación laboral entre os avogados e os despachos.

b) As condicións en que os avogados teñen que desenvolver a súa actividade laboral nos despachos, na medida en que ademais das normas laborais que resulten de aplicación, aos avogados se lles aplicarán as normas que rexen a profesión, incluídas as estatutarias e as éticas e deontolóxicas.

O sometemento dos avogados á normativa que rexe a profesión condiciona o desenvolvemento da relación laboral cos despachos na medida en que a aplicación da dita normativa implica:

O recoñecemento aos avogados dun maior grao de autonomía, independencia técnica e flexibilidade na organización e dirección do seu traballo.

A limitación das facultades de dirección e control do traballo dos titulares dos despachos na súa condición de empregadores dos avogados.

Maiores exixencias aos avogados na execución da súa actividade laboral en canto ao cumprimento dos deberes específicos de dilixencia e confidencialidade e dos prazos que se establecen nas normas procesuais.

Un máis estrito respecto entre os titulares dos despachos e os avogados dos principios de boa fe e recíproca confianza.

A imposición aos avogados dun réxime de incompatibilidades e de prohibicións no exercicio da súa actividade profesional que lles impide aos avogados actuar en caso de existir un conflito de intereses e defender intereses en conflito.

E, en fin, o sometemento estrito dos avogados, calquera que sexa a forma en que exerzan a profesión, ás normas e usos da deontoloxía profesional da avogacía, ás normas colexiais, e ao conseguinte réxime disciplinario colexial.

En definitiva, aos avogados recoñécenselles dereitos e impónsenselles obrigas en normas ou por poderes non estritamente laborais, que deben exercer ou cumprir ao mesmo tempo que os dereitos e deberes laborais, e cuxos incumprimentos están sometidos a sanción por parte de poderes así mesmo alleos aos do empregador.

Ademais, no exercicio da súa profesión, a función dos avogados transcende ou vai alén dos intereses concretos dos clientes e dos despachos, na medida en que son un instrumento básico para garantir os seus dereitos, pero tamén para facer efectiva a tutela xudicial na medida en que participan na función pública da Administración de xustiza.

As peculiaridades antes indicadas, que son inherentes ao exercicio da profesión de avogado, proxectadas no ámbito dos despachos de avogados en que o cliente difire

da persoa do empregador, son as que fan inviable a total ou completa aplicación da regulación laboral común contida no Estatuto dos traballadores á relación laboral que se establece entre os avogados e os despachos.

Por todo iso faise necesario modular ou adaptar determinados aspectos da relación laboral común que se regula no Estatuto dos traballadores; en concreto, os seguintes:

O poder de dirección que as normas laborais lles recoñecen aos titulares dos despachos, na súa condición de empregadores, na medida en que as facultades inherentes a este aparecen neste caso condicionadas ou limitadas.

Os dereitos e deberes que se lles recoñecen aos avogados na súa condición de traballadores na medida en que uns e outros están condicionados, en maior ou menor grao, polas normas que rexen a profesión, incluídas as éticas e deontolóxicas.

Especial modulación debe facerse do deber de obediencia que as normas laborais impoñen aos traballadores, pois no caso dos avogados este deber, ao ter que compatibilizarse con outras obrigas e deberes que lles impoñen as normas que rexen a profesión, aparece debilitado ou limitado.

A regulación do tempo de traballo, na medida en que a realización da actividade profesional dos avogados require, por parte destes, dispor dunha maior marxe de flexibilidade na utilización e distribución deste.

A regulación das consecuencias que poidan derivar da falta de dilixencia no exercicio da actividade profesional por parte dos avogados ou dos incumprimentos dos deberes de boa fe e confianza mutua, na medida en que os indicados deberes e obrigas aparecen reforzados nesta relación laboral.

A todo iso habería que engadir, ademais, que ao facer a regulación da relación laboral especial dos avogados nos despachos é necesario aclarar ou afondar en determinadas cuestións.

A primeira é que, pola variedade de modalidades en que se pode exercer a profesión de avogado, é necesario delimitar, con absoluta precisión, o ámbito de aplicación da relación laboral especial que se regula neste real decreto.

A segunda é que, dado o carácter especial da relación laboral que se regula, é necesario modular o réxime de fontes desta, co fin de adaptalo ás exixencias derivadas do dito carácter especial da relación laboral.

E a terceira é que, co fin de garantir a adquisición da aprendizaxe práctica e a experiencia necesaria para exercer a profesión, é necesario modular neste real decreto o contrato de traballo en prácticas, que se regula no artigo 11 do Estatuto dos traballadores.

Na dirección indicada móvese este real decreto; en efecto, a regulación que se recolle nel está orientada e circunscríbese, precisamente, a modular ou adaptar a regulación dos aspectos que da relación laboral común resultan incompatibles ou se concilian mal coa natureza e peculiaridades que concorren na relación laboral especial dos avogados cos despachos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e as asociacións empresariais máis representativas, así como o Consello Xeral da Avogacía Española.

Na súa virtude, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira, puntos 1 e 2, da Lei 22/2005, do 18 de novembro, antes citada, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2006.

DISPÓN O:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto, de acordo co previsto na disposición adicional primeira, punto 1, da Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e de electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e se regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, regula a relación laboral de carácter especial dos avogados que prestan servizos retribuídos, por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección do titular dun despacho de avogados, individual ou colectivo.

Non están incluídos no ámbito de aplicación da relación laboral especial que se regula neste real decreto:

a) Os avogados que exerzan a profesión por conta propia, individualmente ou agrupados con outros, como socios en réxime societario ou baixo calquera outra forma admitida en dereito.

b) As colaboracións profesionais que se concerten entre avogados cando se manteña a independencia dos respectivos despachos.

2. De conformidade co previsto no punto anterior, non están incluídos no ámbito de aplicación da relación laboral que se regula neste real decreto especificamente:

a) O exercicio en común da profesión de avogado como socio a través de sociedades profesionais constituídas de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

b) As relacións que concerten os avogados con empresas ou entidades, públicas ou privadas, que non teñan o carácter de despachos de avogados.

c) As relacións que se establezan entre avogados que se limitan a compartir locais, instalacións ou outros medios ou servizos de calquera natureza, sempre que se manteña a independencia entre eles, non se identifiquen de forma conxunta ante os clientes e non se atribúan á sociedade que eventualmente puidesen constituír os dereitos e obrigas inherentes á relación establecida cos clientes.

d) As relacións que se establezan entre os despachos e os avogados cando a actividade profesional concertada a favor dos despachos se realice con criterios organizativos propios dos avogados e a contraprestación económica percibida por estes pola dita actividade profesional estea vinculada enteiramente á obtención dun resultado ou aos honorarios que esta xere para o despacho. Exceptúanse deste suposto as relacións en que se lles garanta aos avogados pola actividade profesional concertada, periodicamente, uns ingresos mínimos.

e) As actividades profesionais que desenvolvan os avogados contratados por un despacho, con autorización deste, a favor dos seus propios clientes cando cobren os honorarios devengados por tales actividades profesionais directamente dos ditos clientes.

f) As actividades profesionais que realicen os avogados contratados por un despacho derivadas da quenda de oficio, sen prexuízo do disposto no punto 3 do artigo 10 deste real decreto.

3. Así mesmo, de conformidade co previsto no punto 1 deste artigo, non estarán incluídos no ámbito de aplicación da relación laboral que se regula neste real decreto, os avogados que prestan servizos nun despa-

cho con cuxo titular teñan unha relación familiar e convivan con el, salvo que se demostre a condición de asalariados destes.

Para estes efectos consideraranse familiares o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e, se é o caso, por adopción.

Artigo 2. *Fontes da relación laboral especial.*

Os dereitos e obrigas concernentes á relación laboral de carácter especial que se establece entre os avogados e os despachos de avogados para os que traballan regúlanse:

a) Polas disposicións deste real decreto.

b) Polos convenios colectivos específicos e de aplicación exclusiva aos despachos de avogados.

c) Pola vontade das partes, expresada no contrato de traballo, que deberá respectar o disposto nas disposicións e convenios colectivos antes citados.

d) Polos usos e costumes profesionais.

CAPÍTULO II

Elementos básicos da relación laboral especial

Artigo 3. *Obxecto da relación laboral especial.*

O obxecto da relación laboral especial que se regula neste real decreto é a prestación da actividade profesional de avogado en despachos de avogados.

Artigo 4. *Suxeitos da relación laboral especial.*

1. Poderán ser suxeitos da relación laboral de carácter especial que se regula neste real decreto, en concepto de traballador, os que, de acordo coa normativa que resulte de aplicación, estean habilitados para exercer a profesión de avogado.

2. Poderán ser suxeitos da relación laboral de carácter especial que se regula neste real decreto, en concepto de empregadores, os que sexan titulares de despachos de avogados, individuais ou colectivos.

Para efectos do previsto neste real decreto, entenderase por despacho colectivo aquel cuxa titularidade corresponda conxuntamente a dous ou máis avogados agrupados, en réxime societario ou baixo calquera outra forma admitida en dereito, para o exercicio profesional da avogacía de forma conxunta, sempre que así aparezan identificados ante os clientes e se atribúan á sociedade que eventualmente puidesen constituír os dereitos e obrigas inherentes á relación establecida cos clientes.

3. Para efectos do previsto no punto anterior, terán a consideración de despachos de avogados os despachos multiprofesionais legalmente constituídos que inclúan entre os servizos profesionais que ofrezan aos seus clientes os correspondentes ao exercicio profesional da avogacía, sempre que se cumpran as condicións establecidas para esta forma de exercer a profesión de avogados nas normas que regulan esta.

Artigo 5. *Dereitos e deberes dos avogados.*

1. Os avogados, na súa condición de traballadores da relación laboral especial que se regula neste real decreto, terán os dereitos que se establecen no artigo 4.1 e 2 da Lei do Estatuto dos traballadores, co contido e alcance que, para cada un deles, se establecen nesta norma.

2. Ademais dos indicados dereitos, os avogados terán, na relación de traballo concertada cos despachos, os seguintes:

a) Poder actuar, en todo momento, de acordo cos principios, valores, obrigas e responsabilidades que imponen a estes as normas que rexen a profesión de avogado, incluídas as éticas e deontolóxicas.

b) Recibir durante o desenvolvemento da relación laboral a formación necesaria para manter un nivel adecuado de capacitación técnica e profesional, nos termos previstos neste real decreto, no convenio colectivo de aplicación ou no contrato de traballo.

c) Participar nas actividades docentes e investigadoras que desenvolve o despacho, nos termos que se acorde nos convenios colectivos que resulten de aplicación ou no contrato de traballo que se concerte.

d) Poder asesorar e defender o cónxuxe e demais familiares por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e, se é o caso, por adopción, sen prexuízo do réxime de exclusividade que se concerte.

3. Os avogados, no exercicio da súa actividade profesional, asumen respecto dos despachos os seguintes deberes:

a) Cumprir as obrigas inherentes aos servizos profesionais contratados correspondentes á profesión de avogado, de conformidade coas regras da boa fe e coa dilixencia exixida nas normas que rexen a indicada profesión.

b) Cumprir as obrigas impostas aos traballadores na normativa de prevención de riscos laborais e observar as medidas de prevención que se adopten para protexer a súa seguridade e saúde no traballo e a daqueloutras persoas a que poida afectar a súa actividade profesional.

c) Cumprir as ordes e instrucións do titular do despacho, salvo que contraveñan os principios e valores da avogacía ou as obrigas que imponen aos avogados as normas que rexen a profesión.

d) Non concorrer profesionalmente coa actividade do despacho, nos termos previstos neste real decreto, no convenio colectivo ou no contrato.

e) Contribuír á mellora do funcionamento do despacho mediante a mellora da calidade dos servizos prestados por este.

f) Completar e perfeccionar a súa formación e capacitación profesional seguindo as directrices do titular do despacho.

Artigo 6. *O exercicio do poder de dirección dos titulares dos despachos.*

1. Aos titulares dos despachos de avogados, no exercicio do seu poder de dirección, correspóndelles:

a) A organización, planificación e dirección do traballo dos avogados que traballen para o despacho, e iso sen prexuízo da participación que en tales cometidos se recoñeza a estes, que se determinará, se é o caso, nos convenios colectivos ou nos acordos alcanzados entre os despachos e os representantes dos avogados.

b) Distribuír os clientes e os asuntos do despacho entre todos os avogados que traballan neste así como dar as ordes ou instrucións oportunas sobre a forma en que se deban prestar os servizos profesionais destes.

c) Verificar o cumprimento por parte dos avogados que traballan nos despachos das obrigas laborais que asumisen no contrato, así como controlar a actividade profesional que desenvolvan, respectando en todo caso o establecido no punto seguinte.

2. Os titulares dos despachos deberán exercer o poder de dirección que se lles recoñece respectando, en todo caso, os principios e valores que son inherentes ao

exercicio profesional da avogacía e preservando en todo momento o cumprimento das obrigas e responsabilidades que imponen aos avogados as normas que rexen o exercicio da profesión de avogado. En particular, os titulares dos despachos deberán respectar a liberdade e a independencia profesional dos avogados no exercicio da profesión.

Así mesmo, os titulares dos despachos, no exercicio do seu poder de dirección, non poderán dar ordes ou instrucións nin encomendar asuntos aos avogados que traballan nos despachos que impliquen a realización de actividades que sexan legalmente incompatibles, ou que vulneren as obrigas que legalmente teñen os avogados de non actuar en defensa de intereses en conflito ou de gardar o segredo profesional.

CAPÍTULO III

O contrato de traballo

Artigo 7. *Forma e contido do contrato.*

1. Os contratos de traballo que se concerten ao abeiro do previsto neste real decreto deberanse formalizar por escrito e poderanse concertar baixo calquera das modalidades previstas legalmente, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos para a modalidade elixida na normativa común ou nesta norma.

Dos contratos indicados expediranse dúas copias asinadas polas partes contratantes, entregándose unha a cada unha delas. Unha copia básica do contrato remitiase ao servizo público de emprego correspondente e outra aos representantes legais dos avogados.

2. Nos referidos contratos deberán constar, como mínimo, as seguintes especificacións:

a) A identidade das partes contratantes, incluíndo o domicilio do despacho.

b) O obxecto e a modalidade do contrato.

c) A duración do contrato e do período de proba, se é o caso.

d) O réxime de xornada, horarios de traballo, vacacións e descansos.

e) A retribución convida.

f) O réxime da prestación dos servizos.

g) O pacto de non-competencia poscontractual, en caso de que se acorde.

Artigo 8. *Duración do contrato e período de proba.*

1. Os contratos de traballo que se concerten ao abeiro do establecido neste real decreto poderanse celebrar por tempo indefinido ou por duración determinada nos termos que están previstos no Estatuto dos traballadores e as súas normas de desenvolvemento, coas peculiaridades que se establecen nesta norma.

2. Os contratos que concerten os avogados e os despachos poderanse someter a un período de proba que en todo caso deberá constar por escrito.

En defecto de pacto en convenio colectivo, o período de proba non poderá exceder de seis meses no caso de contratos de carácter indefinido e de dous meses no caso de contratos de duración determinada, se a súa duración é superior ao dito período de tempo.

Artigo 9. *O contrato en prácticas.*

1. Poderanse celebrar contratos de traballo en prácticas con quen, estando habilitado para exercer a profesión de avogado, desexe iniciarse no exercicio profesional da avogacía e adquirir a aprendizaxe práctica da dita profe-

sión, colaborando ou participando para iso na actividade profesional do despacho.

2. As condicións en que se deberán realizar os indicados contratos en prácticas serán as previstas no artigo 11 do Estatuto dos traballadores, coas seguintes peculiaridades:

a) O prazo de catro anos a que se refire o citado precepto legal empezará a contar desde a data en que se obtivese o título que habilite para o exercicio da profesión de avogado.

b) A actividade laboral que o traballador desenvolva no despacho deberá permitir adquirir a aprendizaxe práctica da profesión de avogado.

c) Ao traballador asignaráselle como titor das prácticas que realice un avogado do despacho, que deberá ter máis de cinco anos de antigüidade no exercicio da profesión.

d) O traballador terá dereito a adaptar a súa xornada e horario de traballo para asistir a actividades formativas externas que teñan a mesma finalidade, nos termos previstos no convenio colectivo ou no contrato de traballo.

e) Se o traballador continúa prestando servizos despois de esgotar a duración máxima do contrato, este transformárase en indefinido e seguirase rexendo polo disposto neste real decreto.

3. En todo caso, non se poderá celebrar o contrato en prácticas a que se refiren os puntos anteriores:

a) Con quen estivese vinculado con este ou outro despacho con outro contrato de traballo en prácticas que esgotase a súa duración máxima.

b) Con quen estivese vinculado con este ou outro despacho co contrato de traballo que se regula neste real decreto, por un período superior a dous anos.

c) Con quen exercese con anterioridade a profesión de avogado por conta propia ou en virtude dun contrato suscrito con empresas ou entidades, públicas ou privadas, que non teñan o carácter de despachos, por un período superior a dous anos.

4. O titular do despacho en que se realizasen as prácticas a que se refire este artigo deberalle entregar ao traballador, no momento da finalización do contrato, un certificado en que conste a natureza das actividades realizadas, o grao de prácticas alcanzado e a duración das prácticas.

CAPÍTULO IV

A organización do traballo e o réxime de prestación da actividade laboral

Artigo 10. Réxime de exclusividade.

1. Os avogados prestarán os seus servizos aos despachos en réxime de dedicación exclusiva, salvo que o contrato de traballo concertado o sexa a tempo parcial ou estableza o contrario.

2. Cando os avogados presten os seus servizos profesionais para un único despacho en réxime de exclusividade:

a) Non poderán exercer a profesión de avogado por conta propia nin poderán celebrar outros contratos de traballo con outros despachos ou con outras entidades, públicas ou privadas, para exercer a profesión de avogado e, se así se pactase, para exercer calquera outra actividade profesional.

b) Terán dereito a percibir unha compensación económica adecuada pola exclusividade, que se determinará no convenio colectivo ou, se é o caso, no contrato de traballo.

3. En todo caso, será compatible co réxime de exclusividade a prestación de asistencia letrada e defensa xurídica derivada da quenda de oficio ou a que afecte os familiares a que se refire a alínea d) do punto 2 do artigo 5 deste real decreto, ou outras obrigas que por imperativo legal deban realizar os avogados.

Así mesmo, será compatible co indicado réxime a realización de actividades compatibles coa avogacía e complementarias desta tales como as docentes, as representativas ou outras de similar natureza.

As condicións en que se poderán prestar as indicadas actividades determinaranse nos convenios colectivos ou, se é o caso, no contrato de traballo.

4. Os avogados que prestan servizos profesionais nos despachos poderán asesorar ou defender os seus propios clientes e cobrar os honorarios directamente destes cando así se pactase expresamente no contrato de traballo, no cal se establecerán as condicións en que se compatibilizarán as actividades por conta allea e por conta propia.

En todo caso, a compatibilidade das indicadas actividades non pode dar lugar a conflitos de intereses ou interferir no cumprimento das obrigas asumidas co despacho.

Artigo 11. O pacto de permanencia.

1. As partes da relación laboral que se regula neste real decreto poderán establecer o pacto de permanencia a que se refire o punto 4 do artigo 21 do Estatuto dos traballadores e, en consecuencia, pactar que os avogados deban permanecer nos despachos durante un certo tempo, cando aqueles recibisen, con cargo a estes, unha formación ou especialización profesional durante un certo tempo e un determinado custo, nos termos que se establezan nos convenios colectivos ou no contrato de traballo.

2. O pacto de permanencia non poderá ter unha duración superior a dous anos, formalizárase sempre por escrito e só será válido cando concorran os requisitos que se establezan no convenio colectivo ou, se é o caso, no contrato de traballo.

3. Se o avogado abandona o despacho antes de rematar o prazo pactado de permanencia, o despacho terá dereito á indemnización de danos e perdas que se pactase no convenio colectivo ou no contrato de traballo, que en ningún caso poderá ser superior aos gastos que sopor-tase o despacho como consecuencia da formación ou especialización.

Artigo 12. O pacto de non-competencia poscontractual.

1. As partes da relación laboral que se regula neste real decreto poderán acordar o pacto de non-competencia poscontractual a que se refire o punto 2 do artigo 21 da Lei do Estatuto dos traballadores.

No dito pacto poderanse establecer restricións ou limitacións respecto a futuras actuacións dos avogados en relación cos clientes do despacho, ou con asuntos en que interviñesen durante a súa relación contractual; exceptuaranse das ditas limitacións os clientes que o avogado achegase ao despacho ao inicio da relación laboral, salvo pacto expreso en contrario.

En ningún caso, a non-competencia poscontractual que se estableza pode actuar como limitación xeral do exercicio da profesión de avogado nin como limitación para actuar nos campos ou especialidades do dereito a que se dedique o despacho.

2. En todo caso, o pacto de non-competencia despois de extinguido o contrato de traballo non poderá exceder dun período máximo de dous anos desde a finalización do contrato e só será válido se se pacta unha

indemnización adecuada para compensar economicamente as restricións ou limitacións que se lles imporán aos avogados no exercicio da súa profesión, incluídas as que se poidan establecer en relación cos clientes achegados ao despacho ao inicio da relación laboral.

Artigo 13. *A clientela.*

Os avogados terán dereito a que lles sexa recoñecida, por parte dos despachos, a clientela que achegasen a estes ao inicio da relación laboral e a ser compensados economicamente por esta nos termos que se acorde nos convenios colectivos ou no contrato de traballo.

CAPÍTULO V

Tempo de traballo

Artigo 14. *Xornada e horarios de traballo.*

1. A duración da xornada de traballo dos avogados será a que se pacte en convenio colectivo ou, no seu defecto, no contrato de traballo; non se poderán superar en ningún caso os límites de duración da xornada que se establecen na Lei do Estatuto dos traballadores, calculados en cómputo anual.

Para efectos do previsto no parágrafo anterior, considerárase tempo de traballo o tempo que os avogados permanezan no despacho realizando actividades propias da súa profesión e o que dediquen fóra do despacho para a asistencia e defensa dos clientes.

Non se computará para efectos da duración máxima da xornada de traballo, sen prexuízo da súa compensación económica, o tempo que empreguen os avogados nos desprazamentos ou esperas, salvo que durante estes realicen actividades propias da súa profesión. Nos convenios colectivos determinarase os supostos concretos de desprazamentos e esperas que non se computarán para efectos da duración máxima da xornada.

2. A xornada de traballo dos avogados poderase distribuír de forma irregular ao longo do ano por convenio colectivo, acordo entre o despacho e os representantes dos avogados ou acordo individual entre o despacho e o avogado.

En todo caso, a distribución da xornada de traballo deberase facer de tal maneira que se asegure o servizo aos clientes e o cumprimento dos prazos procesuais.

Artigo 15. *Descansos, vacacións, festas e permisos.*

Os avogados terán dereito aos descansos, vacacións, festas e permisos de que gocen o resto dos traballadores, ben que se poderán establecer datas ou momentos distintos do seu gozo en atención ao carácter perentorio ou improrrogable dos prazos ou das actuacións profesionais que deban realizar e dos asuntos que teñan encomendados.

CAPÍTULO VI

Dereitos e deberes derivados do contrato de traballo

Artigo 16. *Formación permanente.*

1. Os avogados teñen o dereito e o deber de obter a formación continua necesaria para manter un nivel adecuado de capacitación técnica e profesional no exercicio da súa profesión e con iso prestar un mellor servizo aos clientes, e os titulares dos despachos teñen a obriga de lles proporcionar ou de facilitar a indicada formación aos avogados.

2. Para efectos do previsto no punto anterior, os avogados terán dereito a:

a) Obter permisos retribuídos para concorrer a actividades formativas para a reciclaxe e perfeccionamento profesional en que teñan interese o despacho e o avogado.

b) Gozar de permisos non retribuídos con finalidades formativas distintas das anteriores.

3. Nos convenios colectivos ou no contrato de traballo pactaranse os termos en que se poderán gozar dos dereitos indicados nos puntos anteriores.

Artigo 17. *Promoción profesional e económica.*

1. Os avogados que presten servizos nos despachos integraranse nunha única categoría profesional.

2. A promoción profesional e económica dos avogados producirase dentro da indicada categoría, mediante a progresión nos graos que se establezan para a carreira profesional destes, tendo en conta para iso, entre outras circunstancias, o nivel de perfeccionamento profesional e de rendemento alcanzados, os postos ocupados nos despachos e os cometidos ou responsabilidades desempeñadas dentro da estrutura destes.

3. Os termos en que se fará efectiva a promoción profesional e económica dos avogados determinarase nos convenios colectivos ou no contrato de traballo.

Artigo 18. *Retribucións.*

1. Os avogados, polos servizos prestados aos despachos, terán dereito a percibir destes as retribucións que se acorden no contrato de traballo, que deberán respectar, en todo caso, as contías mínimas e as garantías establecidas legalmente ou as acordadas en convenios colectivos.

Os titulares dos despachos deberanlles aboar as retribucións acordadas aos avogados aínda que os clientes non realizasen pagamento ningún polas actividades realizadas por eles.

2. Terán a consideración de salario todas as percepcións que os avogados reciban dos despachos como contraprestación dos seus servizos profesionais, incluídas as que poidan estar vinculadas aos ingresos obtidos por estes.

3. Os avogados sometidos á relación laboral que se regula neste real decreto non devengarán nin poderán facturar aos clientes do despacho honorarios polos servizos prestados a estes.

Artigo 19. *Dereitos colectivos.*

1. Os avogados que traballan nos despachos teñen os dereitos colectivos recoñecidos aos traballadores na lexislación vixente.

2. Os convenios colectivos específicos dos despachos de avogados poderán establecer a forma e as condicións en que se poderán exercer os indicados dereitos colectivos tendo en conta o carácter especial da relación laboral que se establece entre os despachos e os avogados.

CAPÍTULO VII

Vicisitudes da relación laboral especial

Artigo 20. *A suspensión do contrato de traballo.*

1. O contrato de traballo especial que se regula neste real decreto suspenderase polas causas e cos efectos previstos no artigo 45 e seguintes da Lei do Estatuto dos traballadores. En caso de excedencia voluntaria, o avogado

que durante esta exerza a profesión noutro despacho, sen a correspondente autorización, perderá o dereito ao reingreso, o que determinará a extinción do contrato de traballo.

2. Ademais dos supostos previstos no punto anterior, o contrato de traballo especial quedará suspendido, durante dous anos, cando o avogado pase a ter a condición de socio do despacho e, en consecuencia, pase a estar vinculado con este cunha relación de carácter non laboral. Se o avogado mantén esta relación máis de dous anos, o contrato de traballo especial extinguirase sen dereito a obter ningunha indemnización.

Artigo 21. *A extinción do contrato de traballo.*

1. O contrato de traballo especial que se regula neste real decreto poderase extinguir polas causas e cos efectos previstos nos artigos 49 a 56 da Lei do Estatuto dos traballadores, coas modulacións ou adaptacións que se establecen neste real decreto.

2. En atención á especial confianza que caracteriza esta relación laboral especial, e deixando a salvo o acordo a que poidan chegar as partes, a readmisión do avogado será obrigatoria en caso de despedimento dun representante legal ou sindical dos avogados ou cando o despedimento se declarase nulo por ser discriminatorio ou por se teren vulnerado dereitos fundamentais.

Artigo 22. *A extinción do contrato por vontade do avogado.*

1. O avogado poderá solicitar a extinción do contrato de traballo que teña concertado co despacho polas causas e cos efectos previstos no artigo 50 da Lei do Estatuto dos traballadores.

Así mesmo, o avogado poderá extinguir o contrato de traballo avisando previamente cunha antelación suficiente para que o titular do despacho poida adoptar as medidas que resulten necesarias para evitar prexuízos aos intereses dos clientes e aos do despacho.

A duración do aviso previo poderase acordar en convenio colectivo ou, se é o caso, no contrato de traballo, e non poderá ser inferior a 45 días nin superior a tres meses.

2. En todo caso, o avogado que exerza as accións resolutoria e de desistencia a que se refire o punto anterior deberá informar o titular do despacho sobre a situación en que se encontran os asuntos que tivese encomendados e pór á disposición deste a documentación correspondente co fin de que poida canalizar os asuntos e dar continuidade ao asesoramento e defensa dos clientes por parte do despacho.

3. O titular do despacho poderalle exixir ao avogado o resarcimento de danos e perdas no caso de que este non respecte o prazo de aviso previo ou non cumpra coa obriga de informar dos asuntos que teña encomendados, se diso derivan prexuízos para o despacho.

Artigo 23. *Extinción do contrato por vontade do titular do despacho.*

1. O titular do despacho poderá extinguir o contrato de traballo especial que se regula neste real decreto polas causas e cos efectos previstos no artigo 49 e seguintes da Lei do Estatuto dos traballadores.

2. Ademais de nos supostos previstos no punto anterior, o titular do despacho poderá extinguir o contrato de traballo, nas condicións previstas no artigo 53 da Lei do Estatuto dos traballadores, nos seguintes supostos:

a) Cando exista unha manifesta e grave creba da confianza entre o avogado e o titular do despacho que teña a súa orixe na actuación profesional do avogado ou na súa relación cos clientes e así sexa acreditado polo titular do despacho.

b) Cando sexa acreditado, así mesmo, polo titular do despacho que o avogado non mantén un nivel profesional

adequado e, en consecuencia, non pode exercer a profesión con plenas garantías para os intereses dos clientes.

3. En todo caso, para que o acordo de extinción do contrato de traballo ao abeiro do previsto no punto anterior sexa válido, será necesario que na comunicación que se faga ao avogado consten con suficiente detalle as actuacións profesionais ou as relacións cos clientes en que se basee a perda da confianza ou o inadecuado nivel profesional e que o aviso previo que se lle conceda ao avogado teña unha duración de cando menos 45 días.

4. O avogado, producido o aviso previo, e con independencia de que impugne a decisión extintiva, deberá informar o titular do despacho da situación dos asuntos que tivese encomendados e pór á disposición deste a documentación correspondente.

CAPÍTULO VIII

Réxime disciplinario

Artigo 24. *A responsabilidade disciplinaria dos avogados.*

1. Os avogados están sometidos a responsabilidade disciplinaria na execución do contrato de traballo que teñan concertado cos despachos ao abeiro do establecido neste real decreto, e iso con independencia de que poida exixírselles outro tipo de responsabilidades.

2. Os avogados incorrerán en responsabilidade disciplinaria laboral nos supostos previstos no artigo 54 da Lei do Estatuto dos traballadores e en caso de incumprimento das obrigas que asumisen no contrato de traballo.

Considéranse incluídas entre as infraccións laborais a que se refire o parágrafo anterior os seguintes comportamentos ou condutas dos avogados:

a) O incumprimento dos deberes de confidencialidade, segredo profesional e fidelidade.

b) A negativa infundada a asumir os asuntos encomendados polo titular do despacho.

c) A negativa a informar o titular do despacho da situación dos asuntos que lle encomendasen.

d) Xirar minutas de honorarios ou outros gastos aos clientes polos asuntos en que interviñesen.

3. Corresponderalles aos titulares dos despachos, de conformidade co previsto neste real decreto e nos convenios colectivos ou no contrato de traballo, exixir a responsabilidade disciplinaria laboral en que poidan incorrer os avogados.

Artigo 25. *Procedemento sancionador.*

1. Os titulares dos despachos sancionarán os incumprimentos das obrigas laborais dos avogados atendendo á gradación das faltas e sancións que se establezan no convenio.

2. A sanción das faltas requirirá a comunicación escrita ao avogado na cal se faga constar a data e os feitos que a motivan. Antes de adoptar a decisión sancionadora, deberase dar o trámite de audiencia ao avogado.

3. En todo caso, a valoración das faltas e das correspondentes sancións impostas polo titular do despacho serán susceptibles de recurso ante a xurisdición social.

Disposición adicional primeira. *Réxime de aplicación deste real decreto e respecto das condicións máis beneficiosas.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto as relacións celebradas entre os avogados e os despachos que reúnan os requisitos desta relación laboral de carác-

ter especial rexeranse polo disposto nesta norma, con independencia da data en que se concertasen.

2. Non obstante o anterior, respectaranse as condicións máis beneficiosas que tivesen pactadas con anterioridade.

Disposición adicional segunda. *Prácticas profesionais e contrato en prácticas.*

As prácticas realizadas, se é o caso, para acceder á profesión de avogado conforme o previsto na Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, non impedirán que, obtida esta habilitación legal, se poidan concertar co mesmo traballador e nos termos deste real decreto contratos de traballo en prácticas de cuxa duración en todo caso se deducirá o tempo de realización daquelas.

Disposición adicional terceira. *Xurisdición competente.*

1. De conformidade co establecido na Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, os conflitos que xurdan entre as partes da relación laboral que se regula neste real decreto, tanto individuais como colectivos, serán competencia da xurisdición social, salvo o disposto na Lei concursal.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 63 a 68 da citada Lei de procedemento laboral, por acordo entre os avogados e os titulares dos despachos, poderase someter a resolución das súas discrepancias á mediación ou arbitraje a través dos procedementos que se acorden.

Disposición adicional cuarta. *Dereito supletorio.*

No non regulado neste real decreto será de aplicación o disposto na Lei do Estatuto dos traballadores e as demais normas laborais de xeral aplicación en canto non sexan incompatibles coa natureza e características especiais que concorren nesta relación laboral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

20183 *CORRECCIÓN de erros da Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección. («BOE» 278, do 21-11-2006.)*

Advertidos erros na Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o

desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 1 de novembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1940 columna primeira, no artigo 4, punto 1.b) de parágrafo segundo, onde di: «Mulleres en xeral:...»; debe dicir: «1.º Mulleres en xeral:...».

Parágrafo terceiro, onde di: «Traballadores con discapacidade:...»; debe dicir: «2.º Traballadores con discapacidade:...».

Parágrafo cuarto, onde di: «Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...»; debe dicir: «3.º Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...».

Parágrafo sétimo, onde di: «Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...»; debe dicir: «4.º Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...».

Parágrafo oitavo, onde di: «Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...»; debe dicir: «5.º Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...».

Parágrafo décimo, onde di: «Cando o traballador contratado sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...»; debe dicir: «Cando o traballador contratado con cincuenta e cinco ou máis anos sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...».

XEFATURA DO ESTADO

20263 *LEI ORGÁNICA 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte. («BOE» 279, do 22-11-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A aprobación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, cuxo título VIII regula o control das substancias e métodos prohibidos no deporte e a seguranza da práctica deportiva, supuxo un punto de partida no establecemento dun marco de represión da dopaxe no deporte, que estivo acompañado dunha política activa na provisión de medios materiais e humanos, recursos orzamentarios, infraestruturas, procedementos e normas de que ata entón carecera o noso sistema deportivo.

A aplicación e desenvolvemento da lei supuxo tamén a entrada en funcionamento da Comisión Nacional Anti-dopaxe, que desempeñou desde entón un papel central en elaborar e aplicar iniciativas neste ámbito, así como en velar pola correcta aplicación da normativa vixente.

Ao longo da década pasada sucesivas normas de carácter regulamentario foron regulando aspectos tan delicados e complexos como a realización de controis con garantías, as condicións xerais para a homologación e o funcionamento de laboratorios públicos e privados, o réxime de infraccións e sancións, ou a lista de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non